



O cambio de sistema de muxido supón un cambio radical na granxa?

A través da avaliación de curvas de lactación e niveis de consumo, nas seguintes liñas analizo como a alimentación personalizada debe equilibrar as expectativas produtivas coa realidade metabólica do animal e demostro que un enfoque centrado na saúde dixestiva e a persistencia do pico de produción —non só en resultados inmediatos— é fundamental para garantir a sostibilidade e rendibilidade real da granxa a longo prazo.

Ángel Pizarro

Veterinario, técnico de vacún leiteiro

Habitualmente ocorre que, cando unha granxa pasa de ser convencional en canto ao tipo de muxido a adquirir un equipo de muxido robotizado, xera a percepción de que subiu de categoría e pasamos a fixar a atención no traballo da nova tecnoloxía perdendo importancia o que realmente segue sendo importante.

Ao meu xuízo, o que realmente segue sendo importante son as vacas, as cales seguen tendo as mesmas capacidades metabólicas, dixestivas, os mesmos sistemas compensatorios bioquímicos etc.

Efectivamente, a alimentación personalizada é diferente á alimentación de grupos.

Esta alimentación personalizada ten que ter tres obxectivos a curto prazo:

1. Modular a curva de lactación.
2. Cubrir as necesidades das vacas.
3. Favorecer os muxidos voluntarios

E dous obxectivos a medio-longo prazo:

4. Asegurar a sostibilidade da granxa no seu significado máis amplo.
5. Acompañar a evolución dos factores produtivos con marxe de mellora.

Antes de decidir o enfoque nutricional da granxa con robot, é esencial coñecer e reflexionar sobre a situación de partida da granxa en canto ao nivel de consecución dos

factores de produtividade que condicionan os resultados (nivel de calidade de forraxes, nivel xenético, nivel de *cow comfort*, calidade de proceso de recría, nivel de manexo, estado reprodutivo do rabaño, manexo nutricional de secas e lactación, e saúde podal).

Como a maioría das cousas na vida, a validez dos resultados tras o cambio de sistema de muxido **depende das expectativas creadas previamente**:

1. É importante recoñecer o punto de partida e os puntos susceptibles de mellora á hora de valorar os resultados tras o cambio, posto que cambiar a robot non

► AO MEU XUÍZO, O QUE REALMENTE CONTINÚA A SER IMPORTANTE SON AS VACAS, AS CALES SEGUEN TENDO AS MESMAS CAPACIDADES METABÓLICAS, DIXESTIVAS, OS MESMOS SISTEMAS COMPENSATORIOS BIOQUÍMICOS ETC.

sempre é sinónimo de 40 litros de media, pero si debe ser sinónimo de que estaremos un pouco máis preto deles se traballamos nos puntos débiles que están a facer que non teñamos unhas medias altas.

2. Establecer un período de transición ao novo sistema no que se teñen que adquirir as novas rutinas por parte do persoal da granxa e polas propias vacas,

non demasiado ambicioso. A adaptación debe ser un proceso tranquilo para as persoas e para as vacas, posto que xa hai bastantes factores que xeran estrés.

3. Presentar uns obxectivos de produción realistas despois de analizar o punto 1 e despois de superar o punto 2.


Se non se respectan estes tres puntos e amosamos uns obxectivos produtivos ambiciosos, centraremos

toda a atención nos resultados produtivos, é dicir, centrarémonos no robot. Cando poñemos o foco no robot, adoita pasar que se xera unha ansiedade que acaba afectando a todos os actores da granxa: gandeiros, responsables da instalación e responsables da alimentación.

Se a granxa está preparada en canto á calidade de forraxes, *cow comfort*... e case todos os factores que afectan á produtividade, os resultados poden ser bos en relativamente pouco tempo (de 1 a 3 meses). Se, pola contra, a granxa non está actualizada nos factores de produtividade que mencionamos anteriormente, os resultados non só non van ser os esperados, senón que poden ser mesmo peores aos anteriores ao cambio se a consigna é cumprir as expectativas.

Análise das curvas de lactación e niveis de consumo

Mediante a análise das curvas de lactación da granxa completa, podemos constatar varios aspectos que poden estar pasando na granxa. ►



Tatoma

www.TatomaAgro.com · @TatomaAgro · 974 401 336

► ANTES DE DECIDIR O ENFOQUE NUTRICIONAL DA GRANXA CON ROBOT, É ESENCIAL COÑECER E REFLEXIONAR SOBRE A SITUACIÓN DE PARTIDA DA GRANXA EN CANTO AO NIVEL DE CONSECUCIÓN DOS FACTORES DE PRODUTIVIDADE QUE CONDICIONAN OS RESULTADOS

Nas figuras 1.1 e 2.1. podemos observar unha curva xeral (liña laranxa) en forma de pico. O que quere dicir é que o pico de produción é moi efémero e xusto ao chegar a el, as vacas comezan a baixar a produción. Se sumamos á análise as figuras 1.2. e 2.2. das granxas 1 e 2 respectivamente, podemos observar que o nivel de consumo en robot non é demasiado alto. Con estes datos podemos estudar varias hipóteses:

1. As vacas non aguantan o pico máis aló de dous días desde que se pasa a inercia do ascenso ao pico porque a produción non descansa sobre a capacidade de consumo e a capacidade dixestiva.
2. Non se cumpre o proxecto nutricional porque o consumo en robot non está dentro dun rango axustado.
3. Pode haber algún erro na configuración de táboas de alimentación no postparto e no cambio de táboa de DEL a produción.

Estas imaxes son típicas de estratexia orientada “ao robot” ou á produción. Cando nestas mesmas granxas 1 e 2 se realiza un cambio de estratexia “ás vacas” en canto a unha maximización do consumo de materia seca e maximización de capacidade dixestiva, as imaxes das curvas de lactación da granxa cambian substancialmente.

Podemos observar nas figuras 1.3. e 2.3. os seguintes aspectos:

1. As vacas manteñen o pico de produción durante cinco ou seis semanas.
2. O nivel de consumo en robot pasa do 92 ou 93 %
3. Os resultados produtivos son relativamente mellores con cumprimento máis próximo ao proxecto nutricional. ►►

Figura 1.1.




Figura 1.2.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	1,67	6,58	5,92	89,81
102	3,07	7,13	6,45	89,99
103	2,85	6,73	5,99	88,96

Figura 1.3.





Figura 1.4.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	1,72	6,42	6,1	94,53
102	3,08	7,17	6,83	95,42
103	3,13	7,55	7,02	93,30

Figura 2.1.




COOLCARE®

REDUCE EL IMPACTO DEL ESTRÉS TÉRMICO

Coolcare® es la solución de De Heus para ayudar a **reducir el impacto del estrés por calor en los animales**, contribuyendo a su bienestar, fertilidad y rendimiento. Combina **nutrición, manejo y recomendaciones prácticas adaptadas a cada especie**, facilitando un control eficaz y sencillo en la granja.

Con esta solución, podrás **anticiparte a los periodos de calor** y tomar decisiones más precisas para proteger la productividad de tus animales, optimizando la eficiencia alimentaria y mejorando el confort en condiciones exigentes.

Además, la app Coolcare® permite **calcular el índice THI y prever su evolución semanal**, con alertas y recomendaciones técnicas para apoyar la toma de decisiones. **Descárgala gratis en Google Play o App Store.**



► EN EXPLOTACIÓNS CON MUXIDO ROBOTIZADO E ALIMENTACIÓN PERSONALIZADA, É MOI IMPORTANTE PODER INTERPRETAR OS DATOS QUE NOS ACHEGA O SISTEMA PARA SACAR CONCLUSIÓNS O MÁIS PRÓXIMAS Á REALIDADE E QUE NOS VAIAN ILUMINANDO O CAMIÑO

En explotacións con muxido robotizado e alimentación personalizada, é moi importante poder interpretar os datos que nos achega o sistema para sacar conclusións o máis próximas á realidade e que nos vaian iluminando o camiño. Ver bos picos nas acabadas de parir non é suficiente. Hai que constatar que eses bos picos van seguidos dunha boa persistencia.

Como podemos apreciar na figura 3.1., hai unha curva moi baixa e prolongada. Unha vez descartados outros procesos que poden estar influíndo a nivel xeral na granxa (de tipo vírico ou de outro tipo que puidera afectar a unha gran parte de animais), irémonos achegando á idea de que o posible problema pode ser a adecuación do deseño da alimentación. O corte da curva de produción coa media é posterior ao dato de DEL da granxa. Isto indícanos que pode estar ocorrendo algunha das seguintes hipóteses:

1. Que non están arrancando ben tras o parto por problemas metabólicos do periparto.
 2. Como o nivel de consumo en robot é bo (figura 3.2.), pódenos indicar que pode haber un problema na ración de carro.
 3. Habería que revisar o “debuxo” das táboas de DEL e produción.
- Nas figuras 3.3. (páx. seg.) e 3.5. (páx. seg.) pódese observar o reflexo do cambio sufrido en forma de evolución na granxa, unha vez axusta-

Figura 2.2.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	2,05	7,93	6,65	85,41
102	2,1	7,6	6,45	83,48

Figura 2.3.




Figura 2.4.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	2,02	7,56	7	92,1
102	2,29	7,48	7,25	96,72

Figura 3.1.




Figura 3.2.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	1,29	5,9	5,76	96,62
102	2,4	5,38	5,08	95,01
103	1,87	5,7	5,48	96,14
104	2,35	5,01	4,83	97,27

dos os puntos 2 e 3 das hipóteses expostas previamente.

Nas figuras 3.4. (páx. seg.) e 3.6. (páx. seg.) comprobamos como se está cumprindo o proxecto nutricional que propuxemos na unión entre o deseño nutricional e o deseño das táboas.

CONCLUSIÓNS

- A valoración dos resultados en bos ou malos é cuestión das expectativas creadas no cambio da granxa a muxido robotizado e alimentación personalizada nunha porcentaxe moi alta. A outra parte da responsabilidade recae no tipo

de proxecto nutricional (enfoque nutricional e deseño de táboas do robot).

- Se as expectativas son moi ambiciosas e non están baseadas na realidade dos factores produtivos actuais da granxa, pode empurrar a que o deseño do proxecto nutricional realizado polo técnico estea enfocado nos resultados.
- Un **enfoque a resultados** do proxecto nutricional nunha granxa cos factores produtivos a alto nivel adoita ter uns bos resultados a curto prazo.
- Un **enfoque do proxecto nutricional ás vacas** será necesario en granxas con medio ou baixo nivel de cumprimento de factores produtivos porque a granxa está en tránsito cara a un alto cumprimento destes factores.
- É de agardar que os resultados a curto prazo non van ser os máximos para unha granxa de bo nivel de factores produtivos polo único feito de cambiar a muxido robotizado e alimentación personalizada, pero teñen que servir para seguir mellorando paulatinamente os factores máis descolgados ata conseguir uns bos resultados produtivos.
- Como vimos nas diferentes figuras, o pico de produción en si non é suficiente para valorar un proxecto nutricional (enfoque nutricional e deseño de táboas), senón que **é imprescindible que ese pico vaia unido a unha boa persistencia para conseguir uns resultados produtivos globais que sexan sostibles.** ■

Figura 3.3.




Figura 3.4.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	1,36	7,22	7,12	98,5
102	2,6	7,66	7,48	97,4
103	2,18	7,95	7,64	95,92
104	2,83	7,49	6,95	91,68

Figura 3.5.




Figura 3.6.

Grupo	N.º lactación	Ración onte	Consumo onte	% consumido
101	1,34	7,79	7,75	99,21
102	2,51	8,36	7,82	92,87
103	2,58	8,22	7,64	93,18
104	2,93	8,32	7,59	91,69

CAIXA RURAL
GALEGA

Ruralvía

> caixaruralgalega.gal



> Síguenos!   

Comprometidos
contigo!

